**ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR**
**Convocatoria de Eleccións no sector do ALUMNADO**

De acordo coa Resolución do 27 de agosto de 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG 04/09), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar no **sector do ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro) e ó establecido no artigo 55 do Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG do 29 de abril), redactado segundo o establecido nas disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), **corresponde renovar no actual** proceso electoral a **dous alumnos/alumnas,** dun total de **catro que debe ter o Consello Escolar**. Adicionalmente existen **dúas vacantes** correspondentes á **renovación parcial anterior.** Os postos da renovación actual cubriranse cos candidatos máis votados e as vacantes cos seguintes en número de votos, debendo renovarse na seguinte elección parcial.

2. O censo electoral do alumnado estará exposto a partir do día da data no taboleiro de anuncios destinado para tal fin. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **14:00 horas do día 9 de novembro de 2026**.

3. As **candidaturas** correspondentes **poderanse presentar dende o día 23 de outubro ata as 14:00 horas do día 3 de novembro de 2026**.

4. Os/As candidatos/as dispoñen do período comprendido entre os días **16 e 18 de novembro de 2026**, ámbolos dous incluídos, para realizar a súa campaña electoral.

5. As votacións levaranse a cabo durante o día **24 de novembro de 2026**.

6. A mesa electoral estará formada polo Director do centro, que actuará como presidente, e dous/dúas alumnos/as designados/as por sorteo público o día **4 de novembro ás 10:00 horas**, actuando como secretario/a o/a alumno/a de menor idade.

7. Cada alumno/a fará constar na papeleta das eleccións un **máximo de tres nomes** da lista de candidatos/as. O voto será directo, secreto e non delegado.

8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Cambados, 23 de outubro de 2026

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN · I.E.S. "F. ASOREY" · CAMBADOS

Asdo.: David Touceda Bugallo